



A Coruña, 17 de outubro de 2023  
Circular: 017/2023

## **ASISTENCIA PERICIAL Á ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**

Tal como se informou no seu momento, con data de 20 de maio de 2013, o CONSELLO GALEGO DE EE.TT.II. asinou Convenio con a, entón, CONSELLARIA DE PRESIDENCIA, AA.PP. E XUSTIZA sintetizado na elaboración anual dunha Listaxe única de ENXEÑEIROS TÉCNICOS INDUSTRIAIS para actuaren como Expertos Periciais en intervencións de prestación de asesoramento e ditame en procesos penais na contorna do dereito a asistencia xurídica gratuita cando así se acorde de oficio por xuíz ou tribunal. A esta Listaxe incorporaránse de xeito voluntario os EE.TT.II. rexistrados nos Colexios de Galicia, debendo reunir determinados requisitos que se explicitan no Convenio.

De tal xeito, COETICOR<sup>®</sup>, a medio de esta comunicación, emite oficialmente a convocatoria 2024, con obxecto de que os interesados que acrediten o cumprimento das exixencias e obrigas que estipula o convenio, podan faceren súa inscrición.

Xúntase solicitud de incorporación a esta Listaxe que, debidamente cuberta e acompañada da Ficha de datos, remeteráse **antes do 2 de novembro de 2023**, data na que se fechará a recepción de solicitudes.

**A XUNTA DE GOBERNO.**

**Anexo:**

**PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLARIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONSELLO GALEGO DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS INDUSTRIAIS, PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA PERICIAL Á ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.**